- Identificación dalgunhas similitudes e diferenzas básicas e máis significativas nos costumes cotiáns entre os países onde se fala a lingua estranxeira e o propio.
- Actitude receptiva e respectuosa cara ás persoas, os países e as comunidades lingüísticas que falan outra lingua e teñen unha cultura diferente á propia.
- Sensibilidade ante usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal.

UD	Título da UD	Duración
7	Unité 6. Voyages.	19

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
-------------------------	------------------------	----	---

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Extraer o sentido global e información relevante e previsible en textos orais, escritos e multimodais breves, sinxelos e estruturados con conectores moi básicos, sobre temas frecuentes e cotiáns de relevancia persoal e próximos á súa experiencia, propios dos ámbitos persoal, educativo e público, expresados de forma comprensible, clara e en lingua estándar a través de distintos soportes.	Recoñece o sentido global e a información máis relevante de textos escritos, orais e multimodais breves, sinxelos, sobre temas frecuentes e cotiáns de relevancia persoal e próximos á súa experiencia.		
CA1.2 - Comprender a información esencial en situacións de comunicación oral ou escrita, de xeito presencial ou telemático, e dos medios de comunicación social que aborden conversas, narracións e/ou descricións predicibles, e presentacións moi sinxelas emitidas con estruturas e léxico moi básico, e co apoio de imaxes moi redundantes, que traten sobre asuntos da vida cotiá e de necesidade inmediata, previamente traballados e que no caso da oralidade estean articuladas moi claramente, con ritmo pausado, aínda que sexa necesario escoitalas máis dunha vez.	Comprende habitualmente a información esencial en situacións de comunicación oral ou escrita, de xeito presencial ou telemático, e dos medios de comunicación social que tratan sobre temas da vida cotiá previamente traballados na aula.		
CA1.3 - Usar estratexias básicas de comprensión do sentido xeral, a información esencial, os puntos e as ideas principais ou os detalles relevantes de textos sinxelos e básicos: anticipación do contido xeral do que se escoita con axuda de elementos verbais e non verbais, recursos ás imaxes, títulos e outras informacións visuais moi evidentes, e uso dos coñecementos previos sobre a situación, que dan lugar a inferencias do significado baseadas no contexto, e utilizando as experiencias e os coñecementos transferidos desde as linguas do seu repertorio lingüístico.	Habitualmente, usa estratexias básicas de comprensión do sentido xeral, a información esencial, os puntos e as ideas principais ou os detalles relevantes de textos sinxelos e básicos.	PE	45
CA1.6 - Redactar textos curtos a partir de modelos sinxelos e básicos, e mensaxes e notas moi sinxelos con información, instrucións e indicacións básicas relacionadas con actividades cotiás e de necesidade inmediata, amosando interese pola presentación limpa e ordenada do texto.	A partir dun modelo sinxelo e básico, redacta textos curtos, e mensaxes e notas moi sinxelos con información, instrucións e indicacións básicas relacionadas con actividades cotiás e de necesidade inmediata, amosando interese pola presentación limpa e ordenada do texto.		
CA1.4 - Comprender descricións, narracións, instrucións e opinións claras formuladas a través de diversos soportes de xeito simple, sobre asuntos prácticos da vida diaria e sobre temas do seu interese traballados previamente, e, no caso da posibilidade de interacción oral, se a persoa interlocutora está disposta a repetir ou reformular o dito con ritmo pausado.	Habitualmente, comprende descricións, narracións, instrucións e opinións claras formuladas a través de diversos soportes de xeito simple, sobre asuntos prácticos da vida diaria e sobre temas do seu interese traballados previamente.		
CA1.5 - Producir oralmente textos curtos e moi sinxelos, a partir de modelos sinxelos e básicos, sobre temas cotiáns e habituais pronunciando de maneira intelixible, prestando atención ao ritmo, á acentuación e á entoación, reparando os erros básicos de pronuncia.	Produce, habitualmente, de forma oral textos curtos e moi sinxelos, a partir de modelos sinxelos e básicos, sobre temas cotiáns e habituais pronunciando de maneira intelixible, prestando atención ao ritmo, á acentuación e á entoación, reparando os erros básicos de pronuncia.	TI	55

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.8 - Aplicar e compartir coñecementos e estratexias básicas para producir textos escritos (adecuación á persoa destinataria, finalidade do escrito, planificación, redacción do borrador, revisión do texto e versión final) a partir de modelos moi estruturados e con axuda previa.	Aplica e comparte, habitualmente, coñecementos e estratexias básicas para producir textos escritos (adecuación á persoa destinataria, finalidade do escrito, planificación, redacción do borrador, revisión do texto e versión final) a partir de modelos moi estruturados e con axuda previa.		
CA1.9 - Participar en situacións interactivas breves e sinxelas, producindo textos intelixibles e reparando os erros básicos de pronuncia cando as persoas interlocutoras teñan que solicitar repeticións para entender a mensaxe.	Participa, habitualmente, en situacións interactivas breves e sinxelas, producindo textos intelixibles e reparando os erros básicos de pronuncia cando as persoas interlocutoras teñan que solicitar repeticións para entender a mensaxe.		
CA1.10 - Interactuar de xeito simple pero suficiente, pedindo que se lle repitan os puntos clave se o necesita e sen que as súas posibles vacilacións e reformulación de expresións ou estruturas impidan a comunicación.	Interactúa habitualmente de xeito simple pero suficiente, pedindo que se lle repitan os puntos clave se o necesita e sen que as súas posibles vacilacións e reformulación de expresións ou estruturas impidan a comunicación.		
CA1.11 - Interactuar respondendo e facendo preguntas e dando e comprendendo informacións sinxelas, relativas á información persoal básica (nome, idade, gustos, afeccións e intereses etc.), así como instrucións e peticións relativas ao ámbito escolar.	Interactúa, habitualmente, respondendo e facendo preguntas e dando e comprendendo informacións sinxelas, relativas á información persoal básica (nome, idade, gustos, afeccións e intereses etc.), así como instrucións e peticións relativas ao ámbito escolar.		
CA1.12 - Utilizar estratexias de activación dos coñecementos previos sobre modelos e secuencias de interacción, e elementos lingüísticos previamente asimilados e memorizados, compensando as carencias lingüísticas mediante procedementos lingüísticos e paralingüísticos.	Utiliza habitualmente estratexias de activación dos coñecementos previos sobre modelos e secuencias de interacción, e elementos lingüísticos previamente asimilados e memorizados, compensando as carencias lingüísticas mediante procedementos lingüísticos e paralingüísticos.		
CA1.13 - Amosar unha actitude de respecto cara a si mesmo/a e cara ás demais persoas para comprender e facerse comprender, considerando o erro como fonte de aprendizaxe.	Amosa habitualmente unha actitude de respecto cara a si mesmo/a e cara ás demais persoas para comprender e facerse comprender, considerando o erro como fonte de aprendizaxe.		
CA2.1 - Transmitirlles a terceiras persoas información simple e previsible, de interese inmediato, de textos moi curtos e moi simples como sinais, paneis de información, carteis, programas, folletos, palabras de menús, horarios etc., mostrando respecto e empatía polas persoas interlocutoras e polas linguas empregadas.	Transmite, habitualmente, a terceiras persoas información simple e previsible, de interese inmediato, de textos moi curtos e moi simples como sinais, paneis de información, etc., mostrando respecto e empatía polas persoas interlocutoras e polas linguas empregadas.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.2 - Aplicar de forma guiada estratexias elementais que axuden a crear pontes e faciliten a comunicación, identificando aqueles factores socioculturais máis evidentes que dificulten a comunicación, e usando recursos e apoios físicos ou dixitais en función das necesidades de cada momento.	Habitualmente, aplica de forma guiada estratexias elementais que axuden a crear pontes e faciliten a comunicación, identificando aqueles factores socioculturais máis evidentes que dificulten a comunicación, e usando recursos e apoios físicos ou dixitais en función das necesidades de cada momento.		
CA2.3 - Comparar e contrastar as similitudes e diferenzas entre distintas linguas do seu repertorio lingüístico, reflexionando de maneira progresivamente autónoma sobre o seu funcionamento.	Habitualmente, compara e contrasta as similitudes e diferenzas entre distintas linguas do seu repertorio lingüístico, reflexionando de maneira progresivamente autónoma sobre o seu funcionamento.		
CA2.4 - Utilizar e diferenciar de forma progresivamente autónoma os coñecementos e estratexias que forman o seu repertorio lingüístico, para mellorar a súa capacidade de comunicar e de aprender a lingua estranxeira, co apoio doutros participantes e de soportes analóxicos e dixitais, valorando as competencias que posúe como persoa plurilingüe.	Utiliza e diferencia habitualmente de forma progresivamente autónoma os coñecementos e estratexias que forman o seu repertorio lingüístico, para mellorar a súa capacidade de comunicar e de aprender a lingua estranxeira.		
CA2.5 - Identificar os progresos e dificultades da súa aprendizaxe da lingua estranxeira, realizando de forma guiada actividades de autoavaliación e coavaliación, recoñecendo e valorando estratexias de logro propias e alleas; reproducindo aqueles aspectos que axudan a mellorar, facéndoos explícitos e compartíndoos con outros participantes.	Habitualmente, identifica os progresos e dificultades da súa aprendizaxe da lingua estranxeira, realizando de forma guiada actividades de autoavaliación e coavaliación, recoñecendo e valorando estratexias de logro propias e alleas.		
CA2.6 - Explicar o proceso de produción de textos e de hipóteses de significados tomando en consideración o coñecemento do mundo e os coñecementos e as experiencias noutras linguas.	Habitualmente, explica o proceso de produción de textos e de hipóteses de significados tomando en consideración o coñecemento do mundo e os coñecementos e as experiencias noutras linguas.		
CA3.1 - Recoñecer estereotipos, rexeitando aqueles que supoñen discriminación e prexuízos lingüísticos e culturais, e utilizar estratexias para explicar e comprender a diversidade lingüística, cultural e artística.	Habitualmente, recoñece estereotipos, rexeitando aqueles que supoñen discriminación e prexuízos lingüísticos e culturais, e utilizar, de forma guiada, estratexias para explicar e comprender a diversidade lingüística, cultural e artística.		
CA3.2 - Aceptar e respectar a diversidade lingüística, cultural e artística propia de países onde se fala a lingua estranxeira como fonte de enriquecemento persoal, amosando interese por comprender elementos culturais e lingüísticos.	Acepta e respecta na maior parte dos casos a diversidade lingüística, cultural e artística propia de países onde se fala a lingua estranxeira como fonte de enriquecemento persoal, amosando interese por comprender elementos culturais, como formas de vida, hábitos, horarios etc., e lingüísticos.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.3 - Participar en proxectos nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais e valorando as competencias que posúe como persoa plurilingüe.	Participa habitualmente en proxectos nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais e valorando as competencias que posúe como persoa plurilingüe.		
CA3.4 - Utilizar adecuadamente as convencións orais e escritas básicas propias da lingua estranxeira no desenvolvemento do proceso comunicativo oral e escrito (saúdos, despedidas, fórmulas moi básicas de tratamento etc.), e amosar respecto polas diferenzas culturais que poidan existir.	Utiliza nun garo mínimo e as convencións orais e escritas máis básicas propias da lingua estranxeira no desenvolvemento do proceso comunicativo oral e escrito (saúdos, despedidas, fórmulas moi básicas de tratamento etc.), e amosa respecto polas diferenzas culturais que poidan existir.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Curiosidade e interese por coñecer outras linguas e culturas. Actitude reflexiva ante o erro como parte integrante do proceso de aprendizaxe. - Uso de estratexias de uso común para a planificación, execución, control e reparación da comprensión, a produción e a coprodución de textos orais, escritos e multimodais breves, básicos e contextualizados. - Utilización dos coñecementos, destrezas e actitudes que permiten levar a cabo actividades de mediación en situacións básicas e cotiás (identificar unha persoa, transmitir horarios, notas, costumes ou hábitos). - Funcións comunicativas básicas de uso común adecuadas ao ámbito e ao contexto comunicativo: intercambiar información sobre cuestións cotiás; instrucións e ordes básicas; ofrecer, aceptar e rexeitar axuda, proposicións ou suxestións sinxelas; expresar o gusto ou o interese e emocións moi básicas; enlazar frases de forma sinxela para narrar acontecementos pasados, describir situacións presentes e enunciado sucesos futuros; expresar a opinión; dar explicacións moi sinxelas; realizar hipóteses moi básicas; expresar en textos moi sinxelos a posibilidade e a dúbida. - Uso de modelos contextuais e xéneros discursivos de uso moi común na comprensión, produción e coprodución de textos orais, escritos e multimodais, breves e moi sinxelos, organización e estruturación segundo o xénero (narrativo, descritivo e instrutivo). - Utilización de unidades lingüísticas básicas de uso común e significados asociados ás devanditas unidades, tales como expresión da entidade (obxectos, persoas, accións, sucesos etc.) e as súas propiedades (existencia, inexistencia, dimensións...), cantidade e calidade (forma, tamaño, cor, idade...), o espazo e as relacións espaciais (distancia, dirección, orixe...), o tempo e as relacións temporais (datación, frecuencia, secuencia...), formas básicas da afirmación, a negación, a interrogación e a exclamación, relacións lóxicas básicas. - Utilización de léxico de uso común e de interese para o alumnado, relativo a identificación persoal, relacións interpersoais básicas, lugares e contornas máis habituais, lecer e tempo libre, estudos, saúde e actividade física, vida cotiá, vivenda e fogar, clima e contorna natural. - Utilización e recoñecemento de patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación básicos: sons e fonemas vocálicos, sons e fonemas consonánticos, acento fónico dos elementos léxicos illados e na oración e identificación e expresión de intencións comunicativas básicas asociadas a eses patróns. - Utilización e recoñecemento de patróns gráficos e convencións ortográficas: uso das normas básicas de ortografía da palabra, utilización adecuada da ortografía da oración: coma, punto e coma, puntos suspensivos, parénteses e comiñas, identificación e expresión de intencións comunicativas básicas asociadas a eses patróns. - Utilización de convencións e estratexias conversacionais elementais, en formato síncrono ou asíncrono, para iniciar e terminar a comunicación, tomar a palabra, comparar, colaborar etc. - Uso de recursos para a aprendizaxe e estratexias de uso común de procura e selección de información como dicionarios, bibliotecas, recursos dixitais (tradutores, conxugadores...) e informáticos (correctores ortográficos, gramaticais etc.).

Contidos

- Respecto da propiedade intelectual e dereitos de autor sobre as fontes consultadas e contidos utilizados.
- Utilización de ferramentas analóxicas e dixitais básicas de uso común para a comprensión, produción e coprodución oral, escrita e multimodal; e plataformas virtuais de interacción e colaboración educativa (aulas virtuais, videoconferencias, ferramentas dixitais colaborativas...) para a aprendizaxe, a comunicación e o desenvolvemento de proxectos con falantes e estudantes da lingua estranxeira.
- Uso de elementos coñecidos obtidos de modelos moi sinxelos de textos e de frases feitas e locucións básicas para elaborar os propios textos.
- Comparación das linguas e variedades que conforman o repertorio lingüístico persoal para recoñecer estratexias de uso máis común (identificar, organizar, reter, recuperar e utilizar unidades lingüísticas léxico, morfosintaxe, patróns sonoros etc.).
- Uso de estratexias e ferramentas de uso común, analóxicas e dixitais, para a autoavaliación, a coavaliación e a autorreparación.
- Manexo de expresións e léxico específico de uso común para referirse aos usos da lingua e comprendelos, e as ferramentas de comunicación e aprendizaxe (metalinguaxe).
- Comparación entre linguas a partir de elementos da lingua estranxeira e outras linguas para mellorar a súa aprendizaxe e lograr unha competencia comunicativa integrada.
- Consideración da lingua estranxeira como medio de comunicación e relación con persoas doutros países, e como medio para coñecer culturas e modos de vida diferentes.
- Interese na participación en intercambios comunicativos planificados, a través de diferentes medios, con estudantes da lingua estranxeira.
- Interese por coñecer aspectos socioculturais e sociolingüísticos elementais relativos aos costumes, á vida cotiá (hábitos, horarios, actividades ou celebracións máis significativas) e ás relacións interpersoais básicas, comida, lecer, deportes, comportamentos proxémicos básicos etc.; e os costumes, valores e actitudes moi básicos e máis evidentes sobre aspectos propios da súa idade nos países onde se fala a lingua estranxeira.
- Utilización de estratexias de uso común para entender e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística, atendendo a valores ecosociais e democráticos.
- Identificación dalgunhas similitudes e diferenzas básicas e máis significativas nos costumes cotiáns entre os países onde se fala a lingua estranxeira e o propio.
- Actitude receptiva e respectuosa cara ás persoas, os países e as comunidades lingüísticas que falan outra lingua e teñen unha cultura diferente á propia.
- Sensibilidade ante usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal.

4.1. Concrecións metodolóxicas

A metodoloxía empregada na aula para acadar os obxectivos nas distintas competencias basearase nun enfoque comunicativo a través do uso activo da lingua estranxeira, orientado á acción que se centra non só nas competencias lingüísticas, senón en todas as destrezas e os recursos que un alumno debe utilizar para comunicarse e relacionarse na lingua meta. Polo tanto, é prioritario o uso da palabra (oral e escrita) na clase, que procurarán achegarse o máis posible a situacións comunicativas reais (diálogos, entrevistas, interaccións formais ou informais), para que o alumno acade un nivel de expresión espontánea conforme ao nivel esixido.

As actividades propostas en clase desenvolverán a súa progresión e autonomía, potenciando a adquisición da lingua de forma individual e en grupo: todos os compoñentes do grupo, respectando o ritmo e as capacidades de cada alumno, veranse beneficiados polas achegas de cada un durante as intervencións orais ou as producións dos traballos cooperativos. Deste xeito, o alumno formará parte activa dunha aprendizaxe pragmática e significativa, que lle permitirá desenvolver habilidades necesarias para o seu futuro.

A adquisición dunha lingua non é un proceso lineal, senón global e cíclico, no que interveñen á vez todas as destrezas, o que non permite considerar o proceso de aprendizaxe como unha sucesión de contidos e destrezas pechados, senón como a reactivación e a profundización constante destes, fomentadas por todas as actividades de

clase.

Para que se reúnan estas condicións óptimas de aprendizaxe, o profesor, por unha banda, terá que ter en conta a diversidade de perfís presentes na aula para que cada alumno acade os obxectivos fixados con rigor e reflexión. Por outra banda, será o encargado de ofrecer ao alumnado actividades cunhas dimensións motivadoras, lúdicas e sociais para que este atope nelas o significado necesario á súa aprendizaxe. Neste sentido, a realización de tarefas finais ou proxectos favorecerá unha aprendizaxe motivadora e significativa. Ademais, o profesor axudará e daralle ao alumnado as ferramentas imprescindibles para a realización das actividades e tarefas xurdidas durante o proceso e asegurará que todos os contidos e destrezas aparezan no grado de complexidade pertinente en cada nivel.

As liñas xerais de actuación do departamento terán en conta os cinco bloques da ensinanza das linguas estranxeiras, así como as diferentes competencias necesarias para unha aprendizaxe eficaz.

O cruzamento das destrezas comunicativas é inherente ao proceso de aprendizaxe en todos os niveis; porén, no inicio do proceso (os dous primeiros cursos) privilexíase a comprensión oral e escrita, para crear unha bagaxe importante de coñecementos pasivos na lingua oral e na lingua escrita que facilita un avance máis rápido. Na aula, o profesor utilizará o francés como lingua de comunicación na medida do posible e de forma progresiva dado que é o primeira vez que o alumnado de 1^ºda ESO ten contacto co francés na maior parte dos casos. Empregarase un vocabulario adecuado ao nivel dos alumnos, acompañarase de xestos ou de elementos visuais que faciliten a comprensión global ou específica e procurarase que a dicción sexa clara e que o ritmo non sexa moi rápido. A produción oral nestes cursos basearase nas intervencións dos alumnos durante as actividades de clase, nos xogos e simulacións e en todas as situacións de comunicación que se achegan a situacións comunicativas reais, acadando un nivel de progresión e autonomía na lingua cada vez maior. Na produción escrita, valorarase a reutilización de estruturas léxico-sintácticas xa traballadas, a corrección de erros e o respecto das fórmulas de cortesía, segundo o formato empregado ou a persoa á que se dirixe o escrito.

Ao longo do proceso de aprendizaxe, o alumno terá que reflexionar sobre estruturas, léxico, rexistros, usos etc. inferindo significado ou explicación a partir das lingua coñecidas anteriormente, valorando así as competencias que posúe como persoa plurilingüe. Entrará nun proceso de pensamento lóxico, de dedución-indución, para a obtención de datos e solución de problemas.

O desenvolvemento da competencia de aprender a aprender farase a través das reflexións individuais ou colectivas, do profesor, pero sobre todo do mesmo alumno, sobre a propia aprendizaxe. A corrección de erros e as autoavaliacións permitiránlle ao alumnado afinar as súas estratexias de aprendizaxe, desenvolvendo habilidades que fomentarán unha maior autonomía e eficacia no proceso.

Terase en conta igualmente a evolución da Internet, ferramenta xa imprescindible na ensinanza das linguas estranxeiras, que da ao alumno unhas posibilidades de auto aprendizaxe individual, oral e escrita e unha capacidade ilimitada de consulta.

A utilización das tecnoloxías da información e comunicación (TIC) fan que o alumno desenvolva habilidades para obter información que transformará despois en coñecemento e comunicación: tratamento da información e competencia dixital.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación

O alumnado de 3^º da ESO traballará co libro de texto "Les blogueurs 3" da editorial Macmillan Education . O alumnado contará tamén con actividades de reforzo e de ampliación na aula virtual.

Usaranse outros documentos escritos, orais ou audiovisuais propostos polo profesor (material de elaboración propia, cancións, textos auténticos ou adaptados, fotografías, breves reportaxes ou entrevistas, páxinas web vinculadas ao FLE, relatos breves, películas, cómics, folletos) así como xogos diversos e variados para estudar e repasar os contidos da materia. Recorrerase tamén a materiais de consulta como dicionarios, gramáticas, etc.

En todas as aulas hai ordenador, proxector e instalación de audio que nos permitirá realizar as actividades de

comprensión oral.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Farase una avaliación inicial na avaliación 0 para detectar os puntos esenciais de gramática e léxico que debemos repasar e reforzar co alumnado.

Proporase unha rúbrica de autoavaliación, que se reutilizará ao longo do curso, podendo constatar os progresos realizados.

Levaranse a cabo actividades -individuais e grupais- que permitan avaliar o grao de adquisición das cinco destrezas: comprensión e expresión, tanto oral como escrita, e mediación.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	5	10	15	15	15	20	20	100
Proba escrita	45	45	45	50	45	45	45	46
Táboa de indicadores	55	55	55	50	55	55	55	54

Criterios de cualificación:

Teranse en conta os criterios de avaliación que figuran no punto 3.3 esta programación, para cada unha das UD.

a) Dado que os contidos son progresivos e reutilízanse dunha avaliación para outra, a avaliación é continua, progresiva e sumativa. O valor das cualificacións trimestrais aumenta segundo avanza o curso, o que serve de recuperación.

b) Levaranse a cabo probas e tarefas de orde diverso que permitan avaliar o grao de adquisición dos diferentes obxectivos e contidos nas cinco destrezas. Teranse en conta os criterios de avaliación que procedan de entre os seguintes: 1.1, 1.2, 1.3, 1.6, 1.7.

Entre as probas, proporanse probas escritas de comprensión e expresión, tanto oral como escrita, e mediación, probas de adquisición de léxico e conxugación, probas de pronuncia, etc.

Entre as tarefas, proporase a realización e exposición de traballos monográficos, nos que se valorarán diversos aspectos dependentes da unidade didáctica na que se encaixen que serán previamente definidos e figurarán na aula virtual a disposición do alumnado.

c) As probas e tarefas valoraranse de 0 a 10 puntos, tendo unha ponderación diferente dentro da unidade didáctica segundo as súas particularidades. A ponderación será anunciada ao alumnado antes da súa realización e figurará na aula virtual.

d) Elaborarase unha táboa de indicadores que permita avaliar o grao de adquisición dos diferentes obxectivos seguindo os criterios de avaliación que se enumeran a continuación: 1.4, 1.5 1.8, 1.9, 1.10, 1.11, 1.12, 1.13, 2.1, 2.2, 2.3, 2.4, 2.5, 2.6, 3.1, 3.2, 3.3 e 3.4.

Para encher esta táboa de indicadores recurrirase á observación directa na aula e á "trace écrite".

e) A cualificación da avaliación ordinaria obterase da suma das cualificacións trimestrais ponderadas segundo se recolle nesta programación (30% - 30% - 40% respectivamente).

f) A cualificación trimestral obterase da media aritmética das cualificacións obtidas nas dúas unidades didácticas traballadas en cada trimestre.

g) A cualificación de cada unidade didáctica obterase da suma das cualificacións ponderadas das probas e tarefas realizadas en cada unidade.

h) Para superar a materia, o alumno terá que ter unha media de 5 ou superior. No caso de que a media dese un número decimal, aplicarase o redondeo ao enteiro máis próximo.

Criterios de recuperación:

a) Dado que os contidos son progresivos e reutilízanse dunha avaliación para outra, o valor das cualificacións trimestrais aumenta segundo avanza o curso, o que serve de recuperación.

b) Aplicaranse medidas de reforzo educativo cando o progreso do alumnado non sexa axeitado, tratando de garantir a obtención dos obxectivos imprescindibles para continuar o proceso educativo.

c) Rematada a 2ª avaliación, o alumnado que non acadase o 5 sobre 10 no cálculo da cualificación da avaliación ordinaria entre as dúas primeiras avaliacións, deberá realizar tarefas de recuperación dos contidos mínimos esixidos das destrezas nas que non acadou o grao mínimo de consecución. As cualificacións das destrezas superadas conservaranse e non deberán avaliarse novamente.

Ao final da terceira avaliación, o alumnado que non acadase o 5 sobre 10 no cálculo da cualificación da avaliación ordinaria deberá realizar tarefas de recuperación mediante unha proba oral.

d) Realizadas as probas descritas no alinea c), observaranse as cualificacións máis elevadas para cada destreza de entre as realizadas ao longo do curso e as realizadas na avaliación ordinaria, de cara a calcular a cualificación nesta avaliación.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

Os actuais alumnos de 4º da ESO que non acadaron o 5 sobre 10 de media no curso anterior e que non siguen coa materia de francés deberán entregarlle un Dossier de recuperación ao profesor de 3º da ESO ademais de presentarse a unha proba escrita na que serán avaliados nas destrezas escritas (expresión escrita e coñecemento da lingua) nas datas fixadas polo Departamento e comunicadas aos alumnos afectados en tempo.

6. Medidas de atención á diversidade

Entre as dificultades coas que podemos enfrontarnos ao atender á diversidade están :

1.- Alumnos con dificultades na materia :

- Reforzos puntuais a través de explicacións individualizadas durante a clase ou fóra dela.
- Actividades e exercicios adicionais de repaso e consolidación.
- Exercicios de repaso a través da aula virtual que permitan reforzar o traballado na aula

2.- Alumnos con necesidades educativas especiais. (incluíndo aos alumnos con altas capacidades)

- Exención da materia de 2ª lingua estranxeira (valorado polo Departamento de Orientación e a xunta de avaliación).
- Adaptación curricular de contidos e actividades ás necesidades e capacidades do alumno.
- Adaptación de tempos e/ou materiais nas probas.
- Seguimento dos diferentes protocolos existentes para axustar as probas ás necesidades do alumno (no caso de

TDAH por exemplo).

-Tarefas de repaso ou consolidación a través da aula virtual.

- Proposta para preparar o examen do DELF scolaire para o alumnado segundo o seu nivel.

3.-Alumnos que repiten curso :

- No caso de alumnos que xa superaron a nosa materia pero están repetindo curso, se lles proporán actividades de ampliación e tarefas cun maior grado de complexidade, para que poidan seguir mellorando a súa competencia comunicativa e non perdan o interese.

- Aos demais alumnos repetidores aplicaráselles as mesmas medidas ca aos non repetidores.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7
ET.1 - A comprensión lectora	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - A expresión oral e escrita	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - A comunicación audiovisual	X	X	X	X	X	X	X
ET.4 - Competencia dixital		X			X		X
ET.5 - O emprendemento	X	X	X	X	X	X	X
ET.6 - Conciencia e valoración da expresión cultural		X		X			X
ET.7 - Igualdade de xénero			X				
ET.8 - Educación para a tolerancia		X	X	X	X	X	X
ET.9 - Hábitos saudables		X			X		
ET.10 - A protección do medioambiente						X	

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Día internacional da non-violencia	Escoitaremos unha canción francesa a semana previa ao 02 de outubro e seleccionaremos as frases máis significativas que colocaremos na entrada e nos corredores do centro. As cancións seleccionadas, soarán no recreo do venres anterior.	X		
Teatro	O alumnado terá a oportunidade de ir a ver unha obra de teatro en francés no mes de marzo.		X	
Cine	Ao final de cada trimestre, veremos unha película francesa subtitulada.	X	X	X

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Semana da Francofonía	Proporanse actividades diversas relacionadas co francés no mundo.			X
en espera	A medida que vaia avanzando o curso, non se descartan outras actividades.		X	X

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Secuenciáronse e temporalizáronse as unidades didácticas/temas/proxectos?
O desenvolvemento da programación respondeu á secuenciación e temporalización?
Engadiuse algún contido non previsto á programación?
Foi necesario eliminar algún aspecto da programación prevista?
Respetouse o mínimo de consecución dos criterios de avaliación?
Respectáronse os instrumentos de avaliación previstos?
Prestouse atención aos elementos transversais?
Deuse un peso real ó traballo realizado na aula, tanto oral coma escrito?
Establecéronse pautas xerais para a avaliación continua: probas, exames?
Establecéronse criterios para a recuperación dun exame e dunha avaliación?
Fixáronse criterios para a avaliación final?
Establecéronse criterios para o seguimento de materias pendentes?
Metodoloxía empregada
Consegiuse espertar o interese do alumnado?
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
O material utilizado foi adecuado?
Medidas de atención á diversidade
Atendeuse adecuadamente á diversidade do alumnado?
O nivel de dificultade foi adecuado ás características do alumnado?

Clima de traballo na aula
Fomentouse o uso do francés para comunicarse na aula?
Analízanse e coméntanse co alumnado os aspectos máis significativos derivados da corrección das probas, traballos, etc.?
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Deseñouse un plan de avaliación inicial fixando as consecuencias da mesma?
Fixouse a estratexia metodolóxica común para todo o departamento?

Descrición:

Ao final de cada avaliación, estudarase o seguimento das programacións nos distintos grupos e en cada caso faranse as correccións necesarias. Estas sempre dependerán do nivel dos grupos, dos coñecementos previos que amosen os alumnos e da actitude dos mesmos. Tamen se analizarán os resultados do alumnado e as posibles causas destes.

En función de cada unha destas variables iremos modificando o previsto na programación.

Tamén se levará a cabo unha autoavaliación para que o alumno reflexione sobre a súa aprendizaxe (tempo adicado á materia, percepción da súa progresión, extratexias empregadas na aprendizaxe da materia estranxeira).

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Farase unha reunión de Departamento cada mes para facer un seguimento da programación.

Na plataforma PROENS, realizaranse as modificacións oportunas segundo vaíamos avanzando nas distintas unidades didácticas.

Ao final do curso avaliarase a programación docente (escala de 1 ao 4) e estudaranse as causas dos peores resultados e así elaborase unha proposta de mellora para o curso seguinte.

9. Outros apartados